



CONVOCATORIA

Convocase a Vde. á sesión ordinaria a celebrar polo Pleno da Excma. Deputación Provincial, en primeira convocatoria ás **ONCE HORAS** do día **VINTE E NOVE DE ABRIL DE 2025**, no Salón de Plenos do Pazo Provincial, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día, aprobada por esta presidencia.

De non celebrarse no día e hora indicadas, a sesión terá lugar en segunda convocatoria corenta e oito horas despois da data sinalada para a primeira, e salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase a esta hora do primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encontraranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.

O PRESIDENTE,

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e cinco.
2. Declaración Institucional da Deputación de Lugo polo Día Nacional da Convención sobre dereitos das persoas con discapacidade, 3 de maio de 2025.

PARTE RESOLUTIVA

3. Proposta para solicitude de adhesión da Deputación de Lugo á Rede de Entidades Locais Gandeiro Cárnica.
4. Aprobación inicial do Plan Económico-Financeiro (PEF) 2025-2026.

--oo0oo--

5. Proposta de Goberno en apoio á lingua galega con motivo do Día das Letras Galegas.
6. Moción do Grupo Provincial Socialista reclamando a Alcoa que cumpra os acordos cos traballadores e a achega de fondos públicos para facilitar a obra do forno de cocción de ánodos.



7. Moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia un plan de medidas de apoio para os sectores afectados pola política arancelaria de Estados Unidos.
8. Moción do Grupo Provincial do BNG en defensa da redución das ratios e da burocracia no ensino galego.
9. Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno da Deputación a construción da residencia de maiores de Folgoso do Courel de xeito inmediato.
10. Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar melloras urxentes en infraestruturas viarias para garantir a comunicación e a seguridade viaria no suroeste da provincia.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11. Dación de conta do informe anual 2025 sobre control interno da Deputación de Lugo en 2024.
12. Dación de conta do Decreto da Presidencia sobre adscrición da deputada provincial dona Iria Castro Fernández ás Comisións Informativas.
13. Dación de conta do Decreto da Presidencia relativo ao nomeamento da deputada provincial dona Iria Castro Fernández, como membro da Xunta de Goberno.
14. Dación de conta do Decreto da Presidencia relativo ao cesamento do deputado provincial don Miguel Fernández Méndez na delegación executiva da Área de Xestión Territorial en materias de Vías e Obras.
15. Dación de conta das Resolucións da Presidencia, adoptadas durante o mes de marzo de dous mil vinte e cinco.
16. Comunicacóns da Presidencia.
17. Rogos e Preguntas regulamentariamente formulados.